

AS FUNCIÓNS SOCIAIS DA LINGUA

A comunicación entre os seres humanos é a función principal de calquera lingua. De feito, a necesidade de intercambio de información é a razón pola que os seres humanos desenvolvemos esta ferramenta.

Pero, coma outras creacións da humanidade, a lingua non ten unha soa función. As funcións sociais que unha lingua ten son: función familiar, local, laboral, institucional, cultural internacional e identitaria. En territorios onde só se fale unha lingua cada falante e consciente dos usos sociais que ten o seu dialecto. Séntese cómodo usándoo a nivel familiar, local e laboral pero non pode escribir como fala cando entrega un papel nunha institución administrativa. O mesmo pode pasar en territorios onde se falan máis dunha lingua. Unha ten un uso máis de prestixio e outra é a que se fala na casa entre amigos, familiares e veciños pero non existe por exemplo no ensino ou nos Media. A lingua, por tanto, axuda tamén a situar un falante no contexto social. Todo falante coñece o valor social que teñen determinadas formas de falar, características dialectais, etc e emprega este coñecemento para situarse ante o interlocutor. Unha persoa observa que o seu interlocutor manexa tales ou cales trazos, polo que deduce que pertence a tal ou cal grupo social, do que se sente próximo ou distante, no que se quere integrar ou do que se quere afastar. Se quere integrarse nun grupo social concreto, debe, alén doutras características extralingüísticas, como un xeito particular de vestir, aceptar as regras de comportamento lingüístico dese grupo.

CONFLITO E DIGLOSIA

Isto dentro dun territorio onde se falan varias linguas pode facer que unha lingua sexa considerada de prestixio polo que aqueles que non a falan poden sentir a necesidade de adoptala e incluso abandonar a propia.

Nestes casos, dise que hai diglosia cando a repartición das linguas é tal que:

- unha lingua emprégase para escribir, rezar, no ensino, na política; e a outra, para os usos comúns coa familia, os amigos, etc., e
- ningún ten como materna a lingua de prestixio; todos coñecen e falan a lingua informal.

Tamén pode suceder que distintos grupos sociais empreguen distintas linguas: por exemplo, que as clases dominantes empreguen normalmente unha lingua e as restantes clases outra lingua distinta. Nestes casos é común que a lingua das clases dominantes sexa, ademais, a que desenvolve as funcións sociais máis formais (ensino, escritura, política) e que, pola contra, a lingua das clases populares estea excluída das devanditas funcións.

A lingua A, que é a propia das clases dominantes, que a poden ter como materna, é a lingua que usan ou poden usar en todos os contextos; a lingua B, que é propia das clases populares, que xeralmente teñen como materna, só se usa nos contextos de informalidade. Esta situación chámase bilingüismo diglósico.

O máis común nestas situacións é que a lingua das clases populares careza de prestixio (igual que acontece coas variedades populares -tamén chamadas "vulgares"- nas sociedades monolingües), pois son os falantes das linguas B quen carecen de prestixio.

Cando unha lingua chega a este punto de carecer de prestixio, as clases populares que a falan poden chegar a desvalorizar o seu idioma e deixar de falalo e de transmitírllelo aos seus fillos. Desta maneira, pouco a pouco, o idioma menos prestixioso, a lingua B, corre risco de desaparecer e mesmo pode chegar a facelo. Esta situación coñécese como conflito lingüístico ou substitución lingüística.

O conflito lingüístico non se traduce necesariamente en conflitividade social. Os falantes da lingua B, ameazada, poden aceptar esta situación e deixar que a súa lingua cargue cos estigmas que se lle atribúen; en consecuencia, é fácil que a lingua acabe desaparecendo.

Pola contra, os falantes da lingua B poden rexeitar esta situación, combatela e loitar polos seus dereitos lingüísticos, que forman parte dos seus dereitos humanos. Desta maneira, pode producirse un conflito social aberto, manifesto, que resulta da reclamación dos dereitos lingüísticos por parte dos falantes da lingua B e da negación destes dereitos por parte das clases dominantes.

As situacións de conflito lingüístico adoitan rematar de dúas maneiras:

- No primeiro caso, a lingua B desaparece, pois os seus falantes deixan paulatinamente de falala.
- No segundo caso, prodúcese a normalización do uso da lingua B. isto é. pasa a ser coñecida e usada por todos os grupos sociais e en todos os contextos sociais: en definitiva, os falantes de B xa non teñen que renunciar a empregala para lograr o ascenso social. Aquí é determinante outra función social que cumpren as linguas: a función identitaria. Todos aqueles individuos que falan unha mesma lingua pertencen a un mesmo grupo.

Estes fenómenos constitúen novas probas de que as linguas non son só meros instrumentos de comunicación, senón que tamén implican va-

TIPOS DE BILINGÜISMO

No tocante ao bilingüismo individual, adoita falarse de bilingüismo activo e pasivo.

•Bilingüismo activo é o das persoas que son capaces de comprender e expresarse en dúas linguas.

•Bilingüismo pasivo é o daqueles individuos que entenden dúas linguas pero só saben expresarse nunha.

A maioría dos estados do mundo son multilingües o que implica a existencia de bilingüismo e de diglosia.

Bilingüismo

Cando se falan dúas linguas, pero en situacións que poden ser moi diversas, de maneira que se deben establecer os seguintes tipos: bilingüismo individual, social e territorial.

Bilingüismo individual

Trátase dun feito psicolóxico: a capacidade de que dispón unha persoa de utilizar dúas linguas. O problema reside en determinar o grao de dominio que se debe posuír nunha segunda lingua para considerar unha persoa bilingüe. Por outra parte, o máis frecuente é que unha das linguas predomine funcionalmente sobre a outra.

Bilingüismo social ou diglósico

É a situación máis común de contacto entre linguas. Falaremos de sociedade bilingüe cando no seu seo se empreguen dúas linguas diferentes como medio de comunicación, sendo unha boa parte da poboación individuos bilingües. O bilingüismo social non é estable, senón que comporta desequilibrios e tensións, e por isto se fala de diglosia e conflito lingüístico.

Bilingüismo territorial ou colingüismo

Un territorio está dividido en dúas zonas con linguas diferentes. Esta situación non é moi frecuente e atopámola en es-

lores sociais.

tados como Bélxica, onde unha rexión, Flandres, ten o flamengo (neerlandés) como lingua oficial e outra, Valonia, o francés.

OS PREXUÍZOS E OS ESTEREOTIPOS LINGÜÍSTICOS

Os prexuizos lingüísticos son as preferencias ou rexeitamentos que sentimos por fonemas, palabras ou linguas enteiras; os estereotipos lingüísticos son as crenzas simplificadoras sobre as linguas e os seus falantes.

En sociedades monolingües existen prexuizos sobre algúns dos fenómenos da lingua falada na comunidade. Nas multilingües, os prexuizos poden afectar ás linguas enteiras, que cargan os valores atribuídos aos grupos que as falan: unha lingua gozará de prestixio se o grupo que a fala posúe prestixio; e carecerá de prestixio se o grupo que a fala é visto negativamente

ESTEREOTIPOS E PREXUÍZOS SOBRE PARTES DAS LINGUAS

Tamén existen prexuizos sobre formas de pronuncia, palabras ou estruturas sintácticas: en Galicia danse prexuizos lingüísticos negativos para pronuncias coma Curuña por Coruña ou pidir por pedir.

Estas pronuncias débense a que unhas vogais inflúen noutras: neste caso, as tónicas pechadas fan que as pretónicas medias pechadas se pechen, polo que todas acaban co mesmo grao de abertura. As influencias entre vogais son comúns a moitas linguas.

Estes procesos afastan a pronuncia da representación escrita e son máis frecuentes en falantes con poucos estudos, polo que se cargan de prexuizos negativos. Con todo, nada obxectivo torna estas pronuncias incorrectas ou malsoantes. Simplemente están mal vistas. En portugués danse procesos semellantes, con pronuncias máis afastadas aínda da grafía; con todo, considéranse propias de falantes cultos.

Para entendermos por que existe un prexuizo lingüístico debemos saber que detrás se agacha outro social. As máis das persoas que usan estes procesos carecen de estudos e viven de oficios a que non se atribúe un valor positivo. Estas visións exprésanse co valor negativo dado ao seu falar (como podería acontecer co seu xeito de vestir). Desta maneira, Curuña valórase mal porque os falantes que usan esta forma se valoran mal.

ESTEREOTIPOS E PREXUÍZOS SOBRE AS LINGUAS

Pódese preferir ou rexeitar unha lingua en función de como son vistos os seus falantes. Por exemplo, moitas persoas cren que as linguas dos amerindios ou dos pobos africanos subsaharianos son primitivas respecto ás occidentais e que con elas non se pode falar de temas abstractos, como a Física ou o Dereito. As razóns aducidas para pensar así son que, como estes pobos non pasaron polos procesos culturais e sociais que aconteceron en Occidente, as súas linguas non poden expresar os contidos que hoxe vehiculan as linguas occidentais.

Hoxe sábese que ningunha gramática é máis primitiva ca outra e que entre as linguas non se dan diferenzas gramaticais que faciliten ou dificulten a expresión do pensamento. Dado o modo de vida dalgúns pobos, pode ser que as súas linguas carezan aínda dun léxico

apto para expresar contidos da ciencia occidental; mais o léxico logo se crea en calquera lingua: de onde sacaron as palabras heurística, quark, gasterópodo, endometrio ou megabite o galego e o castelán?

As linguas teñen o léxico preciso para referirse ao medio en que se usan; pero non existen gramáticas primitivas ou incompletas: dotándose do léxico, pódese falar de ciencia en calquera lingua, sexa inglés, galego, vasco ou kiowa (lingua amerindia).

Tamén moita xente cre que existen linguas máis adecuadas ca outras para algunhas funcións: por exemplo, que o alemán é unha lingua moi exacta e apta para a filosofía. Esta crenza errada sostense no feito de que moitos filósofos alemáns escribiron en alemán, e sen ter en conta que existen filósofos gregos, coma Platón, ou chineses, coma Confucio.

CONSECUENCIAS DOS ESTEREOTIPOS E DOS PREXUÍZOS NOS USOS SOCIAIS DAS LINGUAS

As clases sociais dominantes crean e difunden valores a través dos medios que controlan (ensino, medios de comunicación, administración, xustiza). Estes valores son a miúdo compartidos por toda a sociedade, que os asume acriticamente como cousas de sentido común: «isto é o que todo o mundo cre; polo tanto, debe de ser certo». En virtude de estereotipos difundidos como ideas de sentido común e dos prexuízos consecuentes, as persoas poden ser excluídas de determinados postos de traballo, ser rexeitadas como veciños, ser discriminadas sen que haxa mala conciencia nin que faga falta xustificación. Esta é unha das vías de penetración das interferencias lingüísticas. Os falantes evitan o acento, palabras, construcións sintácticas e substitúenas polas da lingua de prestixio.

Unha das consecuencias desta situación son as interferencias lingüísticas seseo, gheada afectan a todos os niveis da lingua (fonético, morfolóxico, léxico...) e supoñen un serio perigo para a integridade e o futuro da nosa lingua.

Toda situación de conflito lingüístico ten dúas vías de solución: ben a substitución lingüística ou ben a normalización lingüística.

A substitución lingüística, en Galicia, significaría o desprazamento completo do galego por parte do castelán. A lingua dominante impoñese completamente á minorizada, que é menos rendible.

A normalización lingüística implicaría a superación, por parte do galego, da súa situación de subdesenvolvemento.

Estereotipos e prexuízos tamén axudan a construír ou fortalecer as identidades dos grupos: quen fala así, é deste grupo, próximo ou distante, que agrada ou desagrada. Non hai que minusvalorar a función identitaria que toda lingua ten. En calquera momento poden xurdir entre os falantes un desexo de reivindicación e recuperación do seu uso e a demanda que a lingua poida ser usada en calquera contexto social. Para conseguilo poden organizar campañas institucionais ou colectivas.

Por iso, trazos que son obxecto de prexuízos negativos poden ter prestixio encuberto (agochado), xa que serven para xerar marcas de grupo: «aínda que este fale mal, fala coma min; logo, é do meu grupo».

Finalmente, cando todos aceptan a validez dun prexuízo é fácil que a lingua ou o trazo lingüístico estigmatizados corran o risco de desaparecer, pois a xente pode querer evitalos para non ter que cargar sobre si o estigma.

Texto moi interesante sobre os apelidos e as aspiracións de ascenso social.

Os prexuizos diglósicos sobre a nosa lingua maniféstanse, por exemplo, na pretensión de atribuír orixes foráneas a apelidos inequivocamente galegos. Unha ollada filolóxica sobre o censo, a guía telefónica ou as esquelas dos xornais evidencia que unha altísima porcentaxe da poboación galega é autóctona. Con todo, de fiármonos das tradicións familiares que explican a orixe dos apelidos, aquí practicamente todo o mundo tería chegado de fóra.

Acontece así que moitos galegos se teñen por casteláns, vascos, franceses, ingleses ou italianos sen selo. Un coñecido meu apelidado Jofre facíase descendente dun xeneral francés (non lle valía un soldado) da Guerra da Independencia, e resulta que o sobrenome Xofre («sulfuro») está documentado na onomástica galega desde a Idade Media. Unha Lajos de Vigo emparenta o seu apelido co nome húngaro Lajos (pronunciado Lóios, equivalente de Lois ou Luís), e resulta que a súa familia procede de Cuntis, e en Cuntis hai o topónimo Laxos, do que vén sen dúbida o apelido.

No fondo desas pretensións de orixe foránea está a mesma mentalidade discriminatoria, asumida polos propios discriminados, da que derivan os prexuizos diglósicos contra o idioma. Xa no XVII os galegos sentían vergoña de selo e procuraban ocúltalo. Nunha peza de Tirso de Molina recóllese o seguinte diálogo de dous galegos: «-Jamás yo mi patria niego. / Galicia es mi natural. / -Pues no es poca maravilla,/que el gallego acá en Castilla / dice que es de Portugal».

Gonzalo Navaza, «Orixe galega ou foránea dos apelidos», en www.amesanl.org/Apelidos (adaptación)